


# Regulamento de Réxime Interno

**Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo**

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 18 de setembro de 2017

Aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 9 de outubro de 2017



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo  
Pavillón Manuel Martínez-Risco  
Campus universitario  
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>  
<mailto:aero.info@uvigo.es>



Referencia: 4  
Documento: rri  
Data: 18/09/2017  
Páxinas: 14

## Índice

<b>Título I – Normas xerais</b>	<b>3</b>
<b>Título II – Da Xunta de Escola</b>	<b>3</b>
Capítulo I. Natureza, funcións e composición da Xunta de Escola . . . . .	3
Capítulo II. Convocatoria da Xunta de Escola . . . . .	4
Capítulo III. Funcionamento da Xunta de Escola . . . . .	5
<b>Título III – Dos órganos unipersonais de Goberno</b>	<b>6</b>
<b>Título IV – Das comisións delegadas e outros órganos da Escola</b>	<b>8</b>
Capítulo I. Normas xerais . . . . .	8
Capítulo II. Da Comisión Permanente da Xunta de Escola . . . . .	9
Capítulo III. Da Comisión de Garantía Interna de Calidade . . . . .	10
Capítulo IV. Da Comisión Académica e de Reconecemento de Créditos . . . . .	11
Capítulo V. Das comisións académicas dos mestrados . . . . .	12
Capítulo VI. Doutras comisións delgadas . . . . .	12
Capítulo VII. Da constitución de tribunais . . . . .	12
<b>Título V – Da delegación de alumnado</b>	<b>13</b>
<b>Título VI – Da reforma do regulamento</b>	<b>13</b>
<b>Disposición transitoria</b>	<b>14</b>
<b>Disposición derradeira</b>	<b>14</b>

## Título I – Normas xerais

### **Artigo 1.**

A Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) é un centro da Universidade de Vigo situado no campus de Ourense. Para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lei Orgánica de Universidades e os Estatutos da Universidade de Vigo, rexerase polo presente regulamento.

### **Artigo 2.**

A comunidade universitaria do centro está composta por persoal docente e investigador, alumnado e persoal de administración e servizos.

### **Artigo 3.**

O persoal docente e investigador do centro será aquel adscrito á EEAE segundo a normativa xeral da Universidade de Vigo.

### **Artigo 4.**

Son alumnado membro do centro aquelas persoas matriculadas en calquera das súas titulacións.

### **Artigo 5.**

O persoal de administración e servizos estará composto polo funcionariado e persoal laboral adscrito ao centro, acordo co censo elaborado pola Universidade, e desenvolverá as funcións propias de cada área establecidas nas relacións de postos de traballo ou convenio colectivo aplicable.

### **Artigo 6.**

A xestión da Escola estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías. Sen prexuízo do establecido polas normas vixentes e por este regulamento, cada estamento da Escola poderá dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

### **Artigo 7.**

O presente regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario. No caso de ausencia lexislativa aplicarase o disposto pola Lei de procedemento administrativo.

### **Artigo 8.**

Segundo as directrices institucionais da Universidade de Vigo, os órganos colexiados, órganos unipersonais e comisións delegadas da Escola empregarán a lingua galega nos seus impresos, comunicacíons e documentos oficiais.

## Título II – Da Xunta de Escola

### **Capítulo I. Natureza, funcións e composición da Xunta de Escola**

#### **Artigo 9.**

A Xunta de Escola é o órgano colexiado de representación, decisión e control do centro, coas competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo presente regulamento.

#### **Artigo 10.**

A composición da Xunta de Escola será a establecida nos Estatutos da Universidade de Vigo.

#### **Artigo 11.**

Todos os representantes electos da Xunta de Escola serán elixidos por un período máximo de dous

anos. Excepcionalmente, o/a director/a da Escola, co prace da Xunta de Escola, poderá convocar eleccións á Xunta de Escola pasado un ano, se se producisen cambios substanciais na comunidade universitaria adscrita ao centro.

## **Artigo 12.**

Se algún membro electo da Xunta de Escola renunciase ao seu posto durante o período de representación, este será ocupado polo seguinte que obtivese máis votos nas eleccións sen chegar a ser elixido.

## **Artigo 13.**

As decisións tomadas pola Xunta de Escola en materias da súa competencia adoptarán a forma de acordos, mociones ou propostas. Só os acordos vinculan ao/á director/a no exercicio das súas competencias. Os acordos da Xunta de Escola serán executados polo/a director/a e, no caso de que delegue, velará pola súa execución.

## **Artigo 14.**

A Xunta de Escola pode reunirse de xeito ordinario ou extraordinario.

## **Artigo 15.**

Mentres só exista unha titulación de grao na EEAE, a Xunta de Escola asumirá as funcións e competencias que os estatutos da Universidade de Vigo atribúen á Xunta de Titulación.

## **Capítulo II. Convocatoria da Xunta de Escola**

### **Artigo 16.**

O secretario/a convocará as sesións da Xunta de Escola por orde do/a director/a. Na convocatoria deberá constar a orde do día, a data, a hora e o lugar da reunión. A Xunta reunirase en días administrativamente hábiles no Campus de Ourense da Universidade de Vigo. A orde do día será elaborada polo/a director/a, asistido/a polo equipo directivo.

### **Artigo 17.**

As convocatorias serán enviadas por correo electrónico a cada membro da Xunta de Escola, cunha antelación mínima de dous días. A documentación relativa á orde do día estará a disposición dos membros da Xunta coa mesma antelación.

### **Artigo 18.**

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 40/2015, de Régime Jurídico do Sector Público, as reunións poderán celebrarse a distancia por medios telemáticos, sempre e cando se especifique na convocatoria, na que deben constar instruccións detalladas de como participar.

### **Artigo 19.**

As sesións da Xunta de Escola estarán abertas a todos os membros da comunidade universitaria. A este efecto e de ser posible, habilitaranse prazas delimitadas e separadas. Aqueles/as que non sexan membros da Xunta de Escola nin estean afectados/as polos asuntos a tratar non terán voz nin voto. É potestade do/a director/a expulsar aos/ás presentes que de xeito reiterado e flagrante imposibiliten o normal funcionamento da sesión.

### **Artigo 20.**

Poderán asistir, con voz pero sen voto, persoas que estean relacionadas e/ou poidan resultar afectadas polos asuntos a tratar. Corresponde ao/á director/a outorgar voz ás devanditas persoas.

### **Artigo 21.**

A Xunta de Escola reunirase en sesión ordinaria cando menos dúas veces por curso académico. Na orde do día figurarán os puntos de aprobación da acta da sesión ou sesións anteriores, o informe

do/a director/a, asuntos de trámite e rogos e preguntas.

#### **Artigo 22.**

Os membros da Xunta de Escola poden solicitar a inclusión na orde do día dos puntos que consideren oportunos. A este fin, deben presentar unha instancia dirixida ao/á director/á asinada por, alomenos, un 20 % dos membros da Xunta de Escola. O/A director/a deberá incluir os puntos solicitados na orde do día da seguinte sesión ordinaria. Se no momento de recepción da solicitude xa houbese unha Xunta de Escola convocada e non houbese tempo de modificar a convocatoria, a discusión dos puntos posporíase ata a sesión posterior.

#### **Artigo 23.**

A Xunta de Escola deberá reunirse de xeito extraordinario cando, alomenos, un 25 % dos membros da Xunta de Escola presenten unha solicitude por escrito. A instancia para a dita solicitude dirixirase por escrito ao/á director/a, coas sinaturas correspondentes e coa proposta dunha orde do día determinada. O/a director/a está obrigado/a a convocar a Xunta de Escola para unha data non posterior aos dez días hábiles contados desde a entrada da solicitude no rexistro da Escola.

## **Capítulo III. Funcionamento da Xunta de Escola**

#### **Artigo 24.**

A Xunta de Escola constituirase en primeira convocatoria coa presenza do/a director/a, o/a secretario/a e, alomenos, o 50 % dos integrantes da Xunta. De non acadar esta asistencia, constituirase en segunda convocatoria coa presenza do director/a, secretario/a ou substitutos e, alomenos, o 15 % dos integrantes da Xunta, salvo que sexa preciso quórum cualificado. De non acadarse quórum en segunda convocatoria, a Xunta deberá ser convocada de novo nos seguintes dez días hábiles.

#### **Artigo 25.**

A Xunta de Escola será presidida polo/a director/a. En caso de motivos de forza maior que impidan a súa asistencia, será substituído por un dos/as subdirectores/as e, no seu defecto, polo membro da Xunta de Escola de maior xerarquía, antigüedad e idade, por esta orde. O/a director/a, no exercicio da presidencia, dirixe, regula, modera e ordena o desenvolvemento dos debates, tendo en conta o presente regulamento. O director/a será asistido por unha Mesa, composta polo/a secretario/a e os/as subdirectores/as.

#### **Artigo 26.**

Os membros da Xunta de Escola teñen dereito ao uso da palabra en relación a calquera punto da orde do día. Ningún poderá ser interrompido cando fala, senón para ser chamado á orde ou a cinguirse ao tema polo/a director/a. En caso de que a maioría simple dos membros presentes o considere necesario, o/a director/a deberá prolongar o tempo de debate dun punto da orde do día.

#### **Artigo 27.**

O/a director/a poderá retirarlle o uso da palabra a un membro da Xunta de Escola despois de dúas chamadas á orde.

#### **Artigo 28.**

En calquera momento do debate, un membro da Xunta de Escola poderá pedirlle ao/á director/a a observancia de cuestións de orde do presente regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclama a súa aplicación. Corresponde á Mesa decidir sobre esta reclamación.

#### **Artigo 29.**

Os acordos da Xunta de Centro adoptaranse por asentimento a proposta do/a director/a, ou en votación por maioría simple dos asistentes, salvo que este regulamento ou unha norma de rango superior requirian unha maioría cualificada. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a director/a. No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acade a maioría,

procederase á realización dunha segunda votación entre as dúas más votadas.

## **Artigo 30.**

As votacións efectuaranse polo sistema de man ergueita, agás cando o solicite algún membro da Xunta de Escola, a cuestión afecte a persoas concretas ou así o esixa o regulamento. Nestes casos, habilitarase un sistema de voto por papeleta secreta. En ningún caso se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

## **Artigo 31.**

Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros da Xunta de Escola e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría simple dos presentes. Calquera membro da Xunta poderá presentar mociones oralmente ou por escrito, que serán debatidas como rogos e preguntas, sempre que non se refiran a puntos da orde do día.

## **Artigo 32.**

Corresponde ao/á secretario/a levantar acta da sesión, na que se especificarán o carácter ordinario ou extraordinario da sesión, os membros da Xunta de Escola asistentes, a orde do día, o lugar e tempo da súa celebración, os puntos principais das deliberacións, o resultado das votacións e os acordos adoptados. Tamén figurarán as mencions que os membros da Xunta de Escola soliciten expresamente. As actas, tras ser aprobadas pola Xunta de Escola, quedarán baixo custodia do/a secretario/a. Calquera membro da Xunta de Escola poderá dispoñer dunha copia literal de calquera acta.

## **Artigo 33.**

En caso de motivos de forza maior que impidan a asistencia do/a secretario/a, será substituído/a por un dos/as subdirectores ou, de non ser posible, polo membro da Xunta presente de menor idade.

## **Artigo 34.**

Corresponde ao/á secretario/a dar fe e facer públicos os acordos adoptados pola Xunta de Escola. A este efecto, poderá expedir certificacións de oficio ou a instancia de calquera órgano ou persoa interesada. As ditas certificacións poderán incluir todos os acordos adoptados nunha sesión ou só aqueles de interese para o órgano ou persoa que o solicita.

## **Artigo 35.**

Non se permitirá utilizar ningún aparello de gravación, salvo que a Xunta de Escola o autorice expresamente.

## **Artigo 36.**

Se unha sesión tivese unha duración excesiva, o/a director/a, logo da consulta á Mesa, poderá proceder á súa interrupción, anunciando nese momento a data e hora de continuación.

## **Título III – Dos órganos unipersonais de goberno**

## **Artigo 37.**

Os órganos unipersonais de goberno da Escola corresponden ás persoas integrantes do equipo de dirección da mesma: director/a, subdirectores/as e secretario/a. Estarán suxeitos ao disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e neste regulamento.

## **Artigo 38.**

O/A director/a será elixido pola Xunta de Escola e nomeado polo reitor/a, de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade, adscrito ao centro. É elixido/a por un período de tres

anos con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

## **Artigo 39.**

A elección de director/a terá lugar en pleno da Xunta de Escola, reunida en sesión extraordinaria, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. Non se admitirá a delegación de voto, o voto anticipado nin o voto por correo. No caso de haber máis de dous candidatos/as sen acadar ningún/ha a maioria na primeira votación, terá lugar unha segunda votación entre os dous con máis apoios na primeira. No caso de ser candidato/a único/a, ten que acadar maior número de votos a favor que en contra. Esta elección rexererase polo establecido na lexislación vixente que lle sexa de aplicación, polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo correspondente regulamento, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.

## **Artigo 40.**

O/A director/a designará aos/ás subdirectores/as de entre o persoal a tempo completo adscrito ao centro. O/A director/a designará ao/á secretario/a de entre os membros da Xunta de Escola. Os/as subdirectores/as e secretario/a serán nomeados polo/a reitor/a.

## **Artigo 41.**

O/A director/a da Escola, asistido polo seu equipo directivo, é o responsable da dirección e xestión do centro, e ten as seguintes funcións:

1. Exercer a representación da Escola.
2. Presidir e coordinar a actuación dos órganos colexiados da Escola.
3. Supervisar o funcionamento dos servizos da Escola.
4. Dirixir a xestión ordinaria da Escola.
5. Propoñer, ouvida a Xunta de Escola, a apertura de informe previo por parte do/a reitor/a a calquera dos membros da Escola.
6. Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
7. Designar substitutos, cando sexa preciso, se algún dos órganos unipersonais da Escola queda temporal ou definitivamente vacante por ausencia, enfermidade ou cesamento.
8. Todas aquellas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade e o presente regulamento.

## **Artigo 42.**

Son competencias e funcións dos/as subdirectores/as dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/a director/a, as áreas de competencia que este lles asigne, así como asistir ao/á director/a nas súas funcións. En caso de ausencia ou enfermidade dun subdirector/a, o/a director/a poderá designar substituto/a.

## **Artigo 43.**

Ademais de asistir ao/á director/a nas súas funcións, son competencias do/a secretario/a:

1. Redactar e custodiar as actas, así como dar fe e publicitar os acordos adoptados polos órganos de goberno da Escola.
2. Expedir documentos e certificacións oficiais da Escola.
3. Todas aquellas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade e o presente regulamento.
4. Calquera outra función que lle delege o/a director/a da Escola.

## Artigo 44.

O/A director/a poderá cesar por finalización do seu mandato, por pedimento propio, perda das condicións necesarias para ser elixido ou por moción de censura nos termos establecidos nos Estatutos e no presente regulamento.

## Artigo 45.

Os/As subdirectores/as e o/a secretario/a poderán cesar por pedimento propio, por decisión do/a director/a, por finalización do mandato do/a director/a e por perda das condicións necesarias para ser nomeados.

## Artigo 46.

A Xunta de Escola pode esixir responsabilidade e revogar ao/á director/a mediante a presentación dunha moción de censura, mediante o seguinte procedemento:

1. A moción de censura deberá ser presentada no rexistro da Escola ou noutro rexistro considerado válido pola Universidade para a presentación de documentos. O documento conterá as razóns que fundamentan a moción, e o nome do/a candidato/a alternativo/a. Para a súa tramitación, debe conter as sinaturas de, alomenos, un terzo dos integrantes da Xunta de Escola.
2. Trala recepción do documento, o/a director/a deberá convocar una Xunta de Escola extraordinaria para debater e votar a moción, nun prazo de quince días hábiles.
3. Na sesión extraordinaria, o/a candidato/a alternativo disporá dun tempo de trinta minutos para expoñer os argumentos nos que fundamenta a súa moción. O/A director/a disporá a continuación de igual tempo para o uso da palabra. A continuación, abrirase unha rolda de intervencións. Rematadas as quendas, o/a candidato/a alternativo e o/a director/a disporán cada un deles dun tempo de dez minutos para rematar o debate. Este debate será moderado polo/a secretario/a.
4. Rematado o debate, procederase a votar mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. A moción será aprobada se obtén o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola.
5. Se a moción de censura é aprobada, o/a secretario/a da Escola remitirá, no prazo de tres días hábiles, a acta correspondente ao reitor/a, para que se proceda ao nomeamento do/a novo/a director/a. O antigo/a director/a actuará como director/a en funcións ata o novo nomeamento.
6. Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios para a súa aprobación, consideraríase rexeitada. Nese caso, os asinantes da moción non poderán subscribir outra moción de censura no prazo dun ano, contado desde o día da votación.

## Título IV – Das comisións delegadas e outros órganos da Escola

### Capítulo I. Normas xerais

## Artigo 47.

Ademais da Xunta de Escola, na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo existen comisións delegadas e outros órganos colexiados, incluíndo aquelas ás que se refiren os seguintes capítulos. A Xunta de Escola poderá crear tantas comisións delegadas como estime necesario.

## Artigo 48.

As comisións delegadas e demais órganos colexiados poderán aprobar o seu propio réxime de funcionamento de acordo co presente regulamento e co resto da normativa legal e regulamentaria aplicable na Universidade de Vigo. En todo caso, a Comisión de Garantía Interna de Calidade examinará as normativas antes de ser aprobadas.

## **Artigo 49.**

A composición das comisións respectarán as porcentaxes de representación por sectores da comunidade universitaria (profesorado con e sen vinculación permanente, persoal asociado e de servizos, alumnado) que rexen na Xunta de Escola, cun mínimo de un representante por sector. Os membros natos das comisións delegadas computan dentro do sector ao que pertencen.

## **Artigo 50.**

Agás para as comisións académicas dos mestrados, rexerán as seguintes normas, salvo mención explícita no capítulo correspondente deste regulamento:

1. Son membros natos das comisións o/a director/a (que actuará como presidente da comisión), os/as subdirectores/as e o/a secretario/a (que actuará como secretario da comisión), ou persoas nas que deleguen.
2. O número total de membros de cada comisión será decidido en Xunta de Escola.
3. Só poden ser membros das comisións delegadas os membros da Xunta de Escola.
4. En Xunta de Escola, os membros de cada sector da comunidade universitaria elixirán aos seus representantes nas comisións. Cada elector poderá votar, como máximo, un número de candidatos equivalente ao 70 % ou enteiro máis próximo do número de postos asignados ao sector.
5. Co fin de garantir a pluralidade nos membros do sector de PDI, non poderá haber dous membros electos da mesma área de coñecemento na Comisión, excepto nos casos nos que non sexa posible por razón fundamentada e obxectiva debidamente motivada.
6. Por cada sector, o/a candidato/a con máis votos que non resultase elixido será considerado membro suplente da comisión, e será convocado cando algúin membro titular do seu sector excuse a súa presenza e/ou non puidese asistir por causa xustificada.
7. A renovación dos membros das comisións terán lugar cada dous anos. Se quedan postos vacantes por renuncia ou por perda das condicións que dan dereito a formar parte da comisión, esos postos serán renovados na seguinte Xunta de Escola ordinaria.

## **Artigo 51.**

As convocatorias e o funcionamento das comisións delegadas serán análogos aos descritos para a Xunta de Escola neste regulamento, salvo mención explícita no apartado correspondente deste regulamento ou no regulamento de réxime interno da comisión.

## **Artigo 52.**

Se, por causa xustificada, un membro da comisión non pode asistir fisicamente á reunión, pode solicitar a súa conexión por medios telemáticos. O presidente da comisión tentará, na medida do posible, facilitar a súa asistencia virtual. No caso de presentarse problemas técnicos ou doutro tipo que imposibiliten a conexión, a xuntanza terá lugar cos membros presentes.

## **Capítulo II. Da Comisión Permanente da Xunta de Escola**

### **Artigo 53.**

A Comisión Permanente é unha comisión delegada da Xunta de Escola, de carácter estable e ámbito de competencia xeral. Esta comisión terá carácter consultivo, agás naqueles casos que a

Xunta de Escola, o presente regulamento ou normas de carácter superior lle outorguen competencias executivas.

## **Artigo 54.**

Son funcións e competencias da Comisión Permanente:

1. Pronunciarse sobre todos os asuntos de competencia directa do/a director/a, que este someta á súa consideración.
2. A colaboración co/a director/a na xestión ordinaria e na coordinación das actividades da Escola.
3. O coñecemento e decisión sobre os asuntos que lle sexan presentados polas comisións, e elevalos, no seu caso, ao pleno da Xunta de Escola ou outras comisións.
4. Informar, perante a Xunta de Escola, as peticións de recoñecemento de quinquenios de docencia.
5. Resolver os asuntos de trámite e exercer todas aquelas funcións que delegue nela a Xunta de Escola.
6. A elevación de propostas ao pleno da Xunta de Escola en materias de competencia desta e a adopción de acordos sobre asuntos que por ela lle fosen delegados.
7. O pronunciamento sobre os asuntos da competencia do/a director/a que este someta á súa consideración.

## **Capítulo III. Da Comisión de Garantía Interna de Calidade**

### **Artigo 55.**

A Comisión de Garantía Interna de Calidade é un órgano colexiado, de carácter estable, con competencia en todo o que se refire ao sistema de garantía interno de calidade (SGIC) da Escola e a súa aplicación. A este fin, reunirase, cando menos, unha vez por curso académico.

### **Artigo 56.**

Ademais de equipo directivo da Escola, serán membros natos da CGIC o/a coordinador/a de cada unha das titulacións oficiais adscritas á Escola e o responsable de calidade da Escola (que presidirá a comisión).

### **Artigo 57.**

Poderán ser membros da CGIC ata un máximo de un egresado por titulación do centro e ata un máximo de un representante da sociedade. Os devanditos membros serán nomeados pola Xunta de Escola.

### **Artigo 58.**

Son funcións da Comisión de Garantía Interna de Calidade:

- Debater e validar, se procede, a proposta da política e os obxectivos de calidade.
- Debater e validar, se procede, a proposta do Manual de calidade e os procedementos do SGIC do centro.
- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e titulacións adscritas, así como proponer as melloras pertinentes.
- Coordinar e dinamizar as políticas de calidade da Escola, co obxecto de proporcionar unha mellora na súa situación e proxección, tanto no ámbito estatal coma internacional.

- Velar pola implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.
- Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos departamentos e outros órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa do centro (novas titulacións, modificación e/ou suspensión ou extinción das existentes), elaborando un informe valorativo se o consideran oportuno, ou é procedente de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater, aprender e vincularse aos plans autonómicos, estatais e europeos de calidade.
- Ademais das funcións que lle asigne o Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) e outras que lle puidera asignar a Xunta de Escola, a Comisión de Garantía de Calidade levará a cabo as tarefas de planificación e seguimento do SGIC, actuando como un dos vehículos de comunicación interna da política, obxectivos, plans, programas, responsabilidades e logros deste Sistema.
- Exercer cantas outras competencias lle correspondan por atribución normativa ou por delegación da Xunta de Escola.

## Capítulo IV. Da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos

### Artigo 59.

A Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos é unha comisión delegada da Xunta de Escola, de carácter estable. O seu ámbito limitase ao referente ao Grao de Enxeñaría Aeroespacial para o que actuará en tarefas de apoio ao desenvolvemento da actividade docente, así como no que se refire ao recoñecemento, adaptación e validación de créditos.

### Artigo 60.

Son funcións da Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos:

- Propoñer a planificación e ordeamento dos cursos, grupos, prazas e persoal docente e de servizos para cada exercicio, dentro das competencias da Escola.
- Propoñer os horarios de clases, prácticas, exames e calquera outra actividade relacionada co Grao de Enxeñaría Aeroespacial.
- Propoñer e asignar as prácticas en empresa.
- Aprobar os títulos e tribunais de Traballos Fin de Grao.
- Acordar as validacións e os recoñecementos de materias ou créditos.
- Calquera outra competencia que lle sexa delegada pola Xunta de Escola ou normas de rango superior.

### Artigo 61.

Os acordos de recoñecementos e validacións que afecten individualmente aos/ás interesadas non se publicarán.

## Capítulo V. Das comisións académicas dos mestrados

### Artigo 62.

Por cada mestrado adscrito á Escola de Enxeñaría Aeroespacial, existirá unha comisión delegada, de carácter estable. O seu ámbito limitarase ao referente ao mestrado en cuestión, para o que actuará en tarefas de apoio ao desenvolvemento da actividade docente, así como no que se refire ao recoñecemento, adaptación e validación de créditos.

### Artigo 63.

As súas funcións serán ás arriba descritas para á Comisión Académica e de Recoñecemento de Créditos, no que se refire ao mestrado en cuestión. Deberá, ademais, colaborar coa Comisión de Garantía Interna de Calidade no que se refire aos procesos do SGIC relacionados co mestrado.

### Artigo 64.

A comisión académica de cada mestrado deberá aprobar o seu propio Regulamento de Régime Interno que conterá, polo menos, a composición e as funcións ditadas pola normativa en vigor da Universidade de Vigo.

### Artigo 65.

Para un mestrado de nova creación, a composición inicial da súa comisión académica será determinado en Xunta de Escola.

### Artigo 66.

Os acordos de recoñecementos e validacións que afecten individualmente aos/ás interesadas non se publicarán.

## Capítulo VI. Doutras comisións delegadas

### Artigo 67.

A Xunta de Escola pode crear cantas comisións considere preciso para o óptimo desenvolvemento das actividades da Escola. Os acordos de creación destas comisións delegadas expresarán o carácter específico ou estable destas, a súa composición e competencias.

## Capítulo VII. Da constitución de tribunais

### Artigo 68.

Nas convocatorias nas que sexa preciso un tribunal para a avaliación do alumnado, constituirase un por cada materia, formado por tres membros titulares e un suplente, todos eles/as profesorado con vinculación permanente á Universidade de Vigo. Os membros serán designados pola comisión académica correspondente, suxeita ás normativas da Universidade. Este tribunal terá validez durante todo o curso académico.

### Artigo 69.

Para a designación dos membros do tribunal de materias de grao establecése a seguinte prioridade:

1. Profesores/as con docencia na titulación, pertencentes á área que dispensa a correspondente materia.
2. Profesores/as con docencia na titulación, pertencentes ao departamento da área que dispensa a correspondente materia.
3. Profesores/as con docencia na Escola dunha área afín á que dispensa a materia.

4. Outros profesores con docencia no Campus de Ourense, no caso de que os houbese, do departamento implicado.

## **Artigo 70.**

O alumnado poderá recorrer ante a comisión académica a composición dun tribunal ata un mes antes do primeiro exame da materia. Esta deberá resolver nun máximo de dez días hábiles.

## **Título V – Da delegación de alumnado**

### **Artigo 71.**

A Escola, na medida das súas posibilidades, facilitaralle ao seu alumnado as instalacións e os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento de actividades que poidan contribuír a mellorar a súa formación.

### **Artigo 72.**

A Delegación de Alumnado terá autonomía para:

1. A elaboración do seu orzamento e a xestión dos seus recursos.
2. A elección dos seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización.
3. A creación de todas as seccións de actividades consideradas precisas para lograr os seus fins.
4. A solicitude e recepción doutros fondos de financiamento doutras instancias da Universidade e, tamén, de institucións externas a esta, tanto privadas coma públicas.
5. A elaboración do seu regulamento de réxime interno.

### **Artigo 73.**

O control do gasto das actividades da Delegación de Alumnado rexerase polo establecido nas normas de execución orzamentaria da Universidade de Vigo. O estado inicial e final do orzamento da Delegación de Alumnado e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Escola sempre que esta o requira.

## **Título VI – Da reforma do regulamento**

### **Artigo 74.**

O trámite de reforma do presente regulamento porase en marcha por iniciativa do/a director/a ou pola presentación dun documento asinado por, alomenos, un terzo dos membros da Xunta de Escola. A proposta debe incluír o texto proposto para o novo regulamento, e debe estar debidamente motivada e fundamentada. Trala recepción da proposta, iniciarase o seguinte procedemento:

1. Nun prazo de quince días hábiles, deberá ser debatida e votada en Xunta de Escola, ordinaria ou extraordinaria.
2. Se a proposta é votada favorablemente por, alomenos, un 50 % dos presentes, abrirase un prazo de dez días hábiles para presentar emendas. As emendas presentaránse por escrito e estarán debidamente motivadas.

3. Pasado o período de presentación de emendas, a Xunta de Escola reunirase no prazo de quince días hábiles en sesión extraordinaria para debater e votar as ditas emendas e, a continuación, o texto definitivo do novo regulamento. A reforma do regulamento requerirá do voto afirmativo ao texto definitivo da mayoría absoluta dos membros presentes na Xunta de Escola. De non acadarse os votos precisos, a proposta será refugada e os/as iniciadores do trámite non poderán presentar outra proposta ata pasados seis meses, contados desde o día da votación.
4. Unha vez aprobada a reforma pola Xunta de Escola, o/a secretario/a procederá a comunicarollo aos órganos competentes da Universidade para a súa aprobación definitiva.

## Disposición transitoria

A presente proposta de Regulamento considérase aprobada se obtén a mayoría de votos afirmativos dos presentes na Xunta de Escola. O/A secretario/a procederá a comunicarollo aos órganos competentes da Universidade para a súa aprobación definitiva.

## Disposición derradeira

Este Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.